



A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2013

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2014

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2013

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
I. INDICADORES PRINCIPAIS	7
I.1.Fogares con ordenador	8
I.2.Fogares con Internet contratado	16
I.3.Fogares con acceso contratado a banda larga	27
I.4.Persoas que utilizaron o ordenador nos 3 últimos meses	35
I.5.Persoas que utilizaron Internet nos 3 últimos meses	45
I.6.Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet	58
I.7.eAdministración	68
II. INDICADORES COMPLEMENTARIOS	76
CONCLUSIONES	146

INTRODUCCIÓN

Este informe ofrece os resultados dos indicadores da Sociedade da Información nos fogares galegos integrados na enquisa “Condicións de Vida das Familias”, que realiza o IGE. O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galica (Amtega), foi o responsable de realizar o seu procesamento estatístico e a análise que se presenta neste Diagnóstico sobre o equipamento e uso das TIC nos fogares galegos .

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado en outubro de 2012, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galica (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos.

Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

O acordo de colaboración establece a integración dos indicadores da Sociedade da Información na Poboación de Galicia dentro da enquisa “Condicións de Vida das Familias”, que elabora anualmente o IGE. Deste xeito evítase a duplicidade de enquisas, o que supón un aforro estimado de máis de 50.000 euros anuais, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

Esta cooperación permite que os datos que antes recollía o Observatorio, nos vindeiros anos procedan de enquisas que realiza o IGE. Ademais, supón un aumento da mostra con respecto aos estudos de anos anteriores de máis de 7.000 enquisas e permite unha maior desagregación dos datos segundo áreas xeográficas, axustándose máis ás características propias do hábitat galego.


A información que se amosa neste diagnóstico está baseada na realización de 8.086 entrevistas en fogares, onde reside cando menos unha persoa de 16 a 74 anos, e 17.582 a persoas de 16 a 74 anos de idade.

Nesta edición preséntase datos evolutivos correspondentes ás edicións de 2008, 2010 e 2012, que permiten harmonizar datos evolutivos ao empregar nestas tres edicións a mesma metodoloxía (“Enquisa de Condicións de Vida das Familias (ECV) – IGE).

Diagnóstico 2013. A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ademais, a enquisa aporta datos desagregados por: subconxuntos de idade, sexo, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, sendo o único estudo en Galicia que permite obter unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

I. INDICADORES PRINCIPAIS




- ☞ Galicia reduce a fenda dixital nos principais indicadores de equipamento e uso das TIC, mostrando unha tendencia á converxencia coa media estatal
- ☞ A evolución dos indicadores galegos é superior á que rexistra España e Europa
- ☞ A mocidade galega sitúase por riba da media estatal e europea no uso de Internet

O obxectivo deste primeiro capítulo do informe da Sociedade da Información nos fogares galegos é o tratamento detallado dos principais indicadores relacionados co equipamento das tecnoloxías da información e da comunicación dos fogares galegos nos que residen persoas de 16 a 74 anos de idade. Nesta análise incidirase na dispoñibilidade de ordenador, a contratación de Internet e o acceso á banda larga; facendo tamén unha valoración dos usos dos mesmos, a adquisición de bens ou servizos a través da Rede e a interacción dos internautas coas Administracións Públicas.

I.1. Fogares con ordenador

Continúa a evolución positiva na presenza de ordenadores nos fogares galegos, acadando o 70,0% no ano 2013 e experimentando un crecemento do 4,0% respecto ao ano 2012. A nivel comparativo, no período 2012-2013, o ritmo de crecemento galego é superior ao estatal, que experimentou un descenso do 0,8%, e ao europeo, que medrou un 2,6%.

G.1. FOGARES CON ORDENADOR



Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

En termos evolutivos, se consideramos o período 2008-2013, o crecemento da dispoñibilidade de ordenadores en Galicia foi dun 35,1% mentres que o de España nese mesmo período foi dun 15,3%, recortando en máis de 8 puntos a diferenza existente en 2008 (11,8 puntos fronte á actual 3,3 puntos).

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA


Crecemento no período 2008 - 2013



Galicia: 35,1%. España: 15,3%. UE: 17,6%

Fogares con ordenador Evolución Galicia


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: IGE (2008-2010); OSIMGA + IGE (2012-2013)

Fogares con ordenador Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Facendo unha análise dos fogares con ordenador segundo a provincia, obsérvase que A Coruña e Pontevedra axudan a incrementar a media galega (un 73,0% e un 70,5% respectivamente) e outras presentan unha porcentaxe sensiblemente inferior á media autonómica como Lugo cun 65% e Ourense cun 63%, de xeito que o Eixo Atlántico marca unha fenda xeográfica no equipamento das TIC.

G.3. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Tamén o tipo de hábitat garda relación coa dispoñibilidade de ordenador nos fogares, incrementándose de xeito progresivo a medida que se eleva o número de habitantes que reside no concello. A proporción de ordenadores acada o 78,2% nos concellos de máis de 50.000 habitantes, mentres que nos concellos de menos de 5.000 habitantes redúcese ata o 53,1%. É interesante resaltar que os concellos de máis de 10.000 habitantes sitúanse por riba da media galega.

G.4. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

En relación ás áreas xeográficas, as zonas correspondentes aos grandes núcleos poboacionais sitúanse en valores superiores á media galega, destacando especialmente as áreas de Santiago (79,7%) e A Coruña (78,8%). Pola contra, áreas como a de Ourense Sur e Lugo Oriental e Sur, con valores arredor do 54,5% presentan un menor nivel de equipamento de ordenadores nos fogares.


G.5. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)


G.6. MAPA DE FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A ÁREA



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Nos sete grandes concellos galegos a porcentaxe de fogares con ordenador supera a media galega (70,0%), mantendo todos eles un papel significativo na proporción de fogares con ordenador. O valor máis elevado corresponde ao do concello da Santiago de Compostela, cun 87,3% de vivendas con ordenador.

G.7. FOGARES CON ORDENADOR NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN
(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

En canto ao número de membros no fogar, a frecuencia de fogares con ordenador increméntase a medida que aumentan os membros da unidade familiar, agás nos fogares con 5 membros ou máis, nos que a porcentaxe diminúe lixeiramente pasando dun 91,2% en fogares de catro membros a un 84,8% en fogares de cinco ou máis membros, probablemente pola presenza de persoas maiores neste tipo de fogares.

G.8. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Centrándonos agora no volume total de ingresos do fogar observamos que o incremento de porcentaxe de fogares con ordenador é directamente proporcional ao nivel de ingresos, acadando unha proporción do 95% nos que teñen unha media de ingresos superior a 3.500 euros mensuais. Cabe salientar que os fogares con rendas superiores a 1.800 euros mensuais sitúanse por riba da media galega.

G.9. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Residir con nenos en idade escolar é un ano máis unha variable determinante no feito de dispoñer de ordenador no fogar, existindo 25,6 puntos de diferenza entre os fogares con ou sen nenos/as. Deste xeito, nos fogares con nenos en idade escolar (de 3 a 16 anos), a presenza de ordenadores é dun 89,6% mentres que nos fogares sen nenos destas idades redúcese ata o 64%.

G.10. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

I.2. Fogares con Internet contratado

O número de fogares galegos con Internet contratado evoluciona positivamente, seguindo a tendencia dos anos anteriores: increméntase respecto do ano 2012 nun 17,1%, pasando dun 56,3% a un 65,9%.

G.11. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO



Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Considerando a evolución no período 2008-2013, o crecemento en Galicia foi do 79,6%, aumento moi positivo tendo en conta o crecemento estatal e europeo (36,7% e 31,7% respectivamente). Así, Galicia segue recortando as diferenzas coa media de fogares estatais con conexión a Internet atopándose a tan só 3,8 puntos, fronte aos 11,6 no ano 2012. Isto representou unha diminución da fenda dixital en 7,8 puntos no período 2012-2013.


G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA

Crecemento no período 2008 - 2013




Galicia: 79,6%. España: 36,7%. UE: 31,7%

Fogares con internet contratado
Evolución Galicia
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: IGE (2008- 2010)- OSIMGA+IGE (2012-2013)


Fogares con internet contratado
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Unha vez máis, as provincias da Coruña e de Pontevedra sitúanse por riba da media galega de fogares que teñen contratado Internet, cun 69,2% e un 66,9% respectivamente. Pola contra, Lugo e Ourense sitúanse por baixo da media, especialmente os fogares de Ourense, onde a presenza de Internet descende ata o 56,1% dos fogares.

G.13. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA (% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

En canto ao tipo de hábitat, voltamos a observar o mesmo patrón que no caso de fogares con ordenador, xa que se sitúan por riba da media os concellos de máis de 10.000 habitantes e a porcentaxe de fogares con internet contratado aumenta a medida que o fai o tamaño do concello onde se ubica a vivenda.

G.14. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)


Analizando a presenza de Internet nos fogares galegos segundo áreas xeográficas, as máximas porcentaxes corresponden ás áreas de Santiago (76,5%), A Coruña (75,7%), Vigo (71,8%) e Pontevedra (70,4%). Podemos ver esa distribución na seguinte gráfica e no mapa onde se amosa a ubicación xeográfica das mesmas.

G.15. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA
(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)


G.16. MAPA DE FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Analizando os sete grandes concellos de Galicia, o de Santiago é o que presenta a maior porcentaxe de fogares con Internet contratado. Os restantes concellos situáanse de novo por riba da media galega (65,9%).

G.17. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN
(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

De igual xeito que sucedía coa presenza de ordenadores no fogar, a variable número de membros inflúe positivamente no indicador, salvo cando a cifra supera as 5 persoas residindo na vivenda, acadándose a porcentaxe máis elevada nos fogares de 4 membros (86,8%).

G.18. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O volume total de ingresos do fogar indica novamente que a maiores ingresos no fogar, maior probabilidade de contratar Internet, acadando o 92,3% de vivendas con Internet nas que teñen unha renda superior aos 3.500 euros mensuais.

G.19. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A convivencia con nenos / as no fogar é outra variable que incrementa a intensidade de Internet contratado, acadando un 83,9% de fogares con nenos de 3 a 16 anos, 23,6 puntos máis que a porcentaxe de fogares onde non residen nenos en idade escolar.

G.20. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Considerando agora como referencia os fogares que non dispoñen de conexión a Internet e analizando os motivos para non contratar Internet no fogar, destacan os que “non o consideran útil nin interesante” (62,4%) e, en segundo lugar, o “custo alto de conexión” (30%). Ademais, o número de fogares que non dispoñen deste servizo porque “non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda” é case residual. A imposibilidade de contratar Internet vén experimentando un descenso continuo (ano 2012:6% - ano 2013:3,9%) e, probablemente, garde relación coas actuacións realizadas ao abeiro do Plan de Banda Larga de Galicia (2008-2013).

G.21. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO

(% sobre o total de fogares sen conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Na análise segundo a provincia cabe destacar o 38,1% de vivendas de Ourense que non dispoñen de Internet contratado porque se recoñecen con poucos coñecementos para usalo.

C.1. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

MOTIVACIÓNS	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Non o consideran útil nin interesante	61,8	65,9	60,9	62,3	62,4
Non o coñecen	21,6	20,7	17,7	13,6	18,2
Teñen poucos coñecementos para usalo	23,3	34,0	38,1	24,8	27,5
Custos altos dos equipos	15,1	11,9	20,5	32,5	21,2
Custos altos de conexión	28,7	18,3	26,6	38,0	30,0
Téñeno noutro lugar	6,8	3,3	10,0	6,6	6,7
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	2,8	6,9	4,3	3,7	3,9

Base: fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O volume de ingresos no fogar explica claramente o feito de que a resposta de “custos altos de conexión” sexa das máis salientables, xa que a medida que diminúen os ingresos aumenta a proporción de galegos que mantén esta opinión. Tamén destacar que nos fogares con rendas altas acádanse porcentaxes elevadas respecto á falta de necesidade de contratar Internet, aínda que pode xustificarse co feito de que dispoñen de Rede noutro lugar.

C.2. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

MOTIVACIÓNS	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Non o consideran útil nin interesante	49,2	64,9	63,8	63,0	70,4	72,9	62,4
Non o coñecen	16,5	23,2	18,4	15,3	12,3	3,1	18,2
Teñen poucos coñecementos para usalo	22,3	34,9	29,8	22,7	14,5	6,8	27,5
Custos altos dos equipos	36,0	22,5	19,9	15,6	10,2	4,5	21,2
Custos altos de conexión	43,6	30,5	28,7	26,2	21,2	10,2	30,0
Téñeno noutro lugar	4,9	3,1	5,8	11,1	12,6	24,6	6,7
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	2,7	2,9	4,2	4,4	8,1	7,1	3,9

Base: fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A presenza de nenos en idade escolar no fogar fai que a percepción sobre a utilidade e o interés de Internet sexa maior, é dicir, é nos fogares nos que non conviven con nenos/as en idades entre 3 e 16 anos é onde, maiormente, argumentan que non contratan Internet porque non o consideran nin útil nin interesante. Os principais motivos para que nos fogares con nenos/as en idade escolar non contraten acceso á Rede é que os custos de conexión son moi altos (62,1%) así como os custos dos equipos (37,8%).

C.3. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

MOTIVACIÓNS	CONVIVENCIA CON NENOS / AS ESTUDANTES (%)		Total (%)
	Con nenos /as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Non o consideran útil nin interesante	30,3	66,4	62,4
Non o coñecen	4,2	20,0	18,2
Teñen poucos coñecementos para usalo	6,2	30,2	27,5
Custos altos dos equipos	37,8	19,2	21,2
Custos altos de conexión	62,1	26,0	30,0
Ténono noutro lugar	14,5	5,7	6,7
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	6,5	3,6	3,9


Base: fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

I.3. Fogares con acceso contratado a banda larga


Un 65,3% dos fogares galegos teñen contratado Internet a través de banda larga. Esta tecnoloxía de acceso incrementouse un 23,0% no período 2012-2013, pasando dun 53,1% a un 65,3%.

G.22 FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA




Considerando como punto de partida os datos do ano 2008, a comparativa entre Galicia, España e Europa indica que o ritmo de crecemento de acceso contratado a banda larga da nosa Comunidade é moi superior ao rexistrado pola media estatal e europea: Galicia duplicou o seu rexistro de 2008, cun crecemento porcentual do 105,3% no período 2008-2013, mentres que en España e en Europa no mesmo período o crecemento é do 54,3% e do 55,1% respectivamente. Isto permitiu reducir a fenda dixital coa media estatal en máis de 10 puntos, pasando de 13,6 puntos de diferenza en 2012 a tan só 3,5 puntos.


G.23. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Fogares con acceso contratado a Banda larga
Evolución Galicia
(% sobre o total de fogares onde reside unha
persoa de 16 a 74 anos)



Fogares con acceso contratado a Banda larga
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de fogares onde reside unha
persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: INE (2008-2010); OSIMGA + IGE (2012-2013)
Nota: Non existen datos de conexión de banda larga con fonte IGE correspondentes aos anos 2008 e 2010 e empréganse datos INE 2008 e 2010 para Galicia

Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Na análise por provincias novamente a da Coruña destaca por obter a máxima porcentaxe neste indicador TIC, cun 68,6%. Pola contra, Ourense atópase moi por baixo da media galega, cun 54,9%.


G.24 FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A PROVINCIA



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A contratación da banda larga nos fogares está moi relacionada co tipo de hábitat, xa que se incrementa a medida que o fai o número de habitantes dos concellos, acadando un 73,9% nos que contan con máis de 50.000 habitantes.


G.25. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

As áreas con maior presenza de banda larga son as áreas de Santiago (76,5%) e A Coruña (75,2%). Á vista dos resultados, recoméndanse actuacións concretas destinadas ao aumento da contratación de banda larga en tres áreas xeográficas localizadas: Carballiño-O Ribeiro (41,5%), Lugo Sur (43,2%) e Ourense Sur (46,5%). Estas tres áreas xeográficas son as únicas con valores inferiores ao 50%.

G.26. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA
(% sobre o total de fogares)



G.27. MAPA DE FOGARES CON CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Considerando os 7 concellos con maior poboación de Galicia, o concello de Santiago acada a porcentaxe máis elevada neste indicador cun 84,9%, 19,6 puntos porcentuais por riba da media galega.

G.28. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Respecto ao tamaño do fogar, o número de persoas que residen na vivenda incrementa a proporción de contratación de banda larga na vivenda.

G.29. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O volume total de ingresos do fogar tamén afecta na contratación de banda larga, de xeito que a maior nivel de ingresos do fogar, maior probabilidade de contratar unha conexión a Internet de alta velocidade, acadando un 92,3% de contratación de banda larga en fogares que contan con ingresos superiores aos 3.500 euros.

G.30. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A presenza de nenos/as no fogar inflúe positivamente na contratación da banda larga. Así, os fogares con nenos/as de 3 a 16 anos superan en 23,4 puntos porcentuais os fogares que non teñen nenos/as en idade escolar.

G.31. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

I.4. Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses


O 64,1% dos galegos utilizaron o ordenador nos tres últimos meses, incrementándose un 7,2% desde o ano 2012. En termos evolutivos, o crecemento de Galicia no período 2008 - 2013 foi dun 27,4%, mentres que o crecemento para España e Europa foi sensiblemente inferior, cun 18,2% e un 15,2% respectivamente e, novamente, isto traducíuse nunha diminución da fenda coa media estatal e europea.

G.32. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS TRES ÚLTIMOS MESES




Base: total de persoas
Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: IGE (2008); INE(2010);OSIMGA + IGE (2012-2013)
Nota: Non existen datos de uso de ordenador con fonte IGE correspondente ao ano 2010 e emprégase dato INE 2010 para Galicia

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

En canto ás persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses segundo o sexo, seguen sendo os homes os que teñen unha maior porcentaxe de uso, aínda que a diferenza entre homes e mulleres neste indicador pasou de 4,2 puntos en 2012 a 2,8 puntos porcentuais en 2013.

G.34. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A relación co grupo de idade móstranos a mesma tendencia doutros anos, e é que a menor idade, maior porcentaxe de uso, sendo as persoas de menos de 44 anos as que están por riba da media galega. Cabe salientar o aumento experimentado no uso do ordenador entre as persoas de 45 a 55 anos (53,6% no ano 2012 fronte ao 61,8% no ano 2013)

G.35. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O nivel de estudos tamén é un factor determinante no uso de ordenador, xa que canto maior é este, máis se incrementa a proporción de persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses, chegando ao valor do 95,7% no caso das persoas que cursaron estudos superiores.

G.36. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Por outra banda, os estudantes (99,4%) e, en menor medida, os ocupados (77,7%) e os parados (70,9%), son os usuarios do ordenador máis activos, confirmándose que as persoas de máis idade (xubilados/as) teñen unha baixa porcentaxe de uso de ordenador (20,6%).

G.37. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Analizando agora o uso de ordenador nos últimos tres meses nas provincias galegas, de novo as provincias da Coruña e Pontevedra sitúanse por riba da media autonómica cun 67,3% e un 64,2% respectivamente.

G.38. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (-2013)

Segundo o tipo de hábitat continúa a tendencia de que a maior número de habitantes, maior é o uso do ordenador nos últimos tres meses, chegando ao 74% nas poboacións de máis de 50.000 habitantes.

G.39. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Respecto das áreas xeográficas de Galicia, son as da Coruña e de Santiago as que contan cunha maior porcentaxe de usuarios de ordenador nos últimos tres meses, sendo as únicas que superan o 70% de uso. Recoméndase focalizar os esforzos na inclusión na Sociedade da Información nas áreas de Lugo Sur e Lugo Oriental.

G.40. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



G.41. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Considerando os sete concellos con maior poboación, destacan Santiago que conta cun 80,3%, A Coruña e Pontevedra, tendo estes dous últimos unha porcentaxe igual do 76,4%.

G.42. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O número de persoas residentes na vivenda segue sendo un indicador determinante á hora de analizar o uso de novas tecnoloxías, sendo nos fogares de 4 membros onde se localizan máis usuarios de ordenador (75%)

G.43. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O volume de ingresos no fogar é unha variable explicativa significativa, de xeito que dispoñer de máis recursos tradúcese nun incremento do número de usuarios de ordenador, chegando a un 81,8% de usuarios no último trimestre en fogares cunha renda superior aos 3.500 euros.

G.44. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Novamente, a convivencia con nenos en idade escolar obrigatoria incide positivamente no indicador, con 17,7 puntos de diferenza con respecto aos fogares onde non residen nenos/asde entre 3 e 16 anos.

G.45. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

I.5. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses


Un 64,8% da poboación galega utilizou Internet nos últimos tres meses, experimentando un crecemento do 12,9% no período 2012-2013, superior ao incremento estatal (2,6%) e ao europeo (2,7%). Isto permitiu reducir a fenda dixital coa media estatal e europea en máis de 5 puntos porcentuais no uso de Internet.

G.46. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES




Considerando o período 2008-2013 o uso de Internet segue a mesma liña positiva de evolución que o visto respecto do uso de ordenadores, cun incremento relativo do 44,3%, superando o ritmo de crecemento estatal (23,1%) e duplicando ao europeo (21%)

G.47. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
 (% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: IGE (2008) - INE (2010) - OSIMGA+IGE (2012-2013)
 Nota Non existen datos de uso de Internet con fonte IGE correspondente ao ano 2010 e emprégase dato INE 2010 para Galicia

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
 (% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A análise respecto da idade e o uso de Rede mostra datos moi reveladores na comparativa con España. Nos tramos de idade de 16-24 e de 35-44 en Galicia supérase lixeiramente a media estatal no uso de Internet. Non obstante, a medida que a idade vai aumentando, o uso da Rede vai diminuindo, tanto a nivel galego como no conxunto de España, aínda que en Galicia o fai dunha maneira máis acentuada.

G. 48. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Facendo a comparativa entre Galicia, España e Europa, os xóvenes galegos xa se sitúan por riba das medias estatal e europea, cun 97,5%, experimentando unha evolución respecto ao ano pasado dun 5,2%. Pola contra, o uso de Internet entre as persoas de entre 55 e 64 anos incrementouse un 26,5% respecto do ano 2012, aínda que segue afastada das medias estatal e europea: cunha diferenza de 9,3 e 21,8 puntos porcentuais respectivamente.


Diagnóstico 2013. Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

Persoas xóvenes que utilizaron Internet nos últimos tres meses (de 16 a 24 anos)
Evolución Galicia
(% sobre persoas de 16 a 24 anos)




Fonte: INE (2008-2010);OSIMGA + IGE (2012-2013)

Persoas xóvenes que utilizaron Internet nos últimos tres meses (de 16 a 24 anos)
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre persoas de 16 a 24 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Persoas de 55 a 64 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre persoas de 55 a 64 anos)



Fonte: INE (2008-2010);OSIMGA + IGE (2012-2013)


Persoas de 55 a 64 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre persoas de 55 a 64 anos)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A fenda dixital de xénero en Galicia no uso de Internet é de 3,8 puntos, lixeiramente inferior á que se rexistraba o ano anterior (3,9 puntos).

G. 49. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A fenda dixital no uso de Internet segundo o sexo en Galicia é inferior á que se rexistra a nivel estatal (4,1 puntos) e europeo (5 puntos).

Diagnóstico 2013. Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses


Evolución Galicia
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)



Fonte: INE (2008-2010); OSIMGA + IGE (2012-2013)

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses


Comparación Galicia, España e UE
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses


Evolución Galicia
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: INE (2008-2010); OSIMGA + IGE (2012-2013)

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses


Comparación Galicia, España e UE
(% sobre homes de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

G. 50. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Ter un nivel elevado de estudos, estar estudando ou ser un traballador/a en activo afectan de maneira positiva á hora de usar Internet, acadando un 99,6% entre os estudantes.

G. 51. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A Coruña (67,9%) é a única provincia que se sitúa por riba da media global no uso de Internet no último trimestre, deixando na parte baixa da táboa as provincias de Lugo e Ourense.

G. 52. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Seguindo a mesma tónica que nos indicadores anteriores, e neste caso en relación ao tipo de hábitat de residencia, o valor do indicador elévase nas grandes cidades chegando ata o 74,4% nos concellos de máis de 50.000 habitantes, e redúcese ao 44,9% nos de menos de 5.000 habitantes.

G.53. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Nos seguintes gráfico e mapa poden comprobarse as porcentaxes das diferentes áreas xeográficas en función do uso de Internet.


G.54. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

G.55. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Os 7 concellos con maior poboación de Galicia superan á media da Comunidade no uso de Internet nos últimos tres meses, destacando especialmente Santiago (81,1%). Tamén é salientable a porcentaxe que rexistra o concello de Lugo (77,25), que se sitúa nun segundo lugar.

G.56. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O número de membros do fogar volve a ser una variable relevante á hora de analizar o uso de Internet nos últimos tres meses, acadando o nivel máis alto de usuarios en fogares con familias de 4 membros, cun 75,7%.

G. 57. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Á hora de analizar a incidencia que ten o volume de ingresos do fogar no uso de Internet repítese a tónica xeral ao incrementarse o nivel de uso de Internet en función do incremento de ingresos no fogar.

G. 58. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Conforme se comentou en anteriores casos, a convivencia con nenos/as en idade escolar inflúe positivamente nos indicadores, aumentando a utilización de Internet no último trimestre en fogares nos que residen nenos / as de entre 3 e 16 anos (78,7%), 18,8 puntos máis que naqueles nos que non conviven nenos/as en idade escolar.

G.59. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

I.6. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet

Un 25,1% da poboación galega, que utilizou Internet nalgunha ocasión, adquiriu algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses.

G.60. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES




Base: total de persoas que usaron internet algunha vez
Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Aínda que este indicador experimentou modificacións na súa medición, o crecemento relativo de Galicia neste indicador no período 2008-2013 mostra unha tendencia positiva, aínda que a marxe de mellora, tanto a nivel galego como estatal, é ampla ata acadar a converxencia coa media europea.


G.61. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
 (% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: IG Fonte: IGE (2008); INE (2010); OSIMGA + IGE (2012-2013)
 Nota Non existen datos de uso de Internet con fonte IGE correspondente ao ano 2010 e emprégase dato INE 2010 para Galicia
 Nota: Os datos de Galicia para o 2013 fan referencia ás persoas que utilizaron Internet algunha vez

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
 (% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A predisposición a adquirir algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo é lixeiramente superior nos homes que nas mulleres.

G. 62. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA+IGE (2013)

En canto ás idades, os galegos/as de entre 25 e 34 anos son os que máis empregan as compras a través de Internet (33,2%) seguidos do grupo de idade de entre 35 e 44 anos (28,3%). No extremo oposto, sitúanse as persoas de entre 65 e 74 anos.

G. 63. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Ter estudos superiores, xunto con atoparse nunha situación laboral activa ou estudando teñen influencia positiva na realización de compras a través da Rede no último trimestre.

G. 64. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

G.65. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Centrándose na porcentaxe de galegos que adquiriron algún ben ou servizo por Internet segundo a provincia na que residen, obsérvanse que as diferenzas son mínimas.

G. 66. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Salientar, segundo o tipo de hábitat, que son nas poboacións de menos de 5.000 habitantes, onde este tipo de compras están menos estendidas, polo que sería convinte impulsar accións neste tipo de hábitat para mostrar a utilidade e aforro de tempo que reporta a adquisición de bens ou servizos a través da Rede.

G.67. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A distribución por áreas xeográficas mostra que existe bastante uniformidade nos valores deste indicador e tan só tres áreas xeográficas (Lugo Oriental, Barbanza-Noia e Pontevedra Sur) sitúanse por baixo do 20% nas compras a través de Internet.


G.68. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

**G.69. MAPA DE PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS
TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A ÁREA**




Fonte: OSIMGA + IGE (2012-2013)

Analizando agora os 7 principais concellos de Galicia, A Coruña lidera o ranking de persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet, cun 31,3%. Pola contra e na mesma provincia, atopamos Ferrol cun 24,5%, que neste caso está incluso por baixo da media galega.

G.70. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Os valores máis altos de compras por Internet segundo o número de membros do fogar atopámoslos nos fogares nos que conviven 4 membros, cun 27,5%, seguidos a menos de un punto polos fogares dun só membro. Isto rompe a tendencia observada noutros indicadores nos que ao aumentar o número de membros da unidade familiar, incrementábase o valor do indicador.

G. 71. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O nivel de ingresos no fogar é unha variable explicativa da compra de bens ou servizos a través da rede, variando dende o 14,3% nos fogares con menos ingresos ata chegar o 38,1% nos fogares que teñen un volume total de ingresos mensual superior aos 3.500 euros mensuais.

G. 72. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Relacionando as compras a través de Internet e o feito de que no fogar convivan con nenos/as en idade escolar atopamos un resultado novidoso, xa que son os fogares onde non hai nenos/as con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos nos que máis se adquiren bens e servizos a través da Rede, cun 25,4%, aínda que a diferenza é mínima entre ambos os dous tipos de fogares.

G.73. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

I.7. eAdministración

Un 52,2% dos internautas galegos interactuou coas Administracións Públicas a través de Internet para a obtención dalgún tipo de información das páxinas web nos últimos tres meses, superando á media europea en 4,2 puntos porcentuais, sendo este servizo o máis usado polos galegos/as para interactuar coas Administracións Públicas a través da Rede.


G.74. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA OBTENIR INFORMACIÓN




Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Considerando os cinco últimos anos (período 2008-2013), a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet para a obtención dalgún tipo de información das páxinas web nos últimos tres meses medrou un 6,5%. Non obstante, no último ano, este indicador experimentou un retroceso en favor doutros usos máis avanzados da eAdministración, como se verá máis adiante neste informe.

G.75. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información
Evolución Galicia
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: INE (2008-2010); OSIMGA + IGE (2012-2013)
Nota: O indicador correspondente ás edicións anteriores ao ano 2012 refírense aos tres últimos meses segundo a definición do INE.


Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Nota: O indicador correspondente ás edicións anteriores ao ano 2012 refírense aos tres últimos meses segundo a definición do INE.

Outro indicador para analizar a interacción dos galegos coas Administracións Públicas a través de Internet é a descarga de formularios. O seu ascenso en Galicia respecto o ano 2012 foi do 8,2%, rompendo co descenso que se deu do uso de este servizo en España e Europa. Deste xeito, Galicia sitúase 12 puntos por riba da media estatal e 18,6 puntos por riba da europea.


G.76. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA DESCARGAR FORMULARIOS



Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2013)


Tomando como referencia a evolución dos últimos cinco anos (período 2008-2013), o incremento a nivel galego das persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios foi do 81,1% mentres que a nivel estatal foi dun 44,5%.

G.77. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios

Evolución Galicia
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios

Comparación Galicia, España e UE
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Fonte: INE (2008-2010)- IGE+OSIMGA (2012-2013)

Nota: O indicador correspondente ás edicións anteriores ao ano 2012 refírense aos tres últimos meses seguindo a definición do INE.

Nota: O indicador correspondente ás edicións anteriores ao ano 2012 refírense aos tres últimos meses seguindo a definición do INE.


O indicador de interacción coas Administracións Públicas a través de Internet referido ao envío de formularios cumprimentados experimentou un aumento do 21,1% respecto ao 2012, acadando o 49,3% de galegos que utilizan este servizo. Isto permite que Galicia se sitúe 17,3 puntos por riba da media estatal e 22,3 puntos porcentuais por riba da europea.

G.78. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA ENVIAR FORMULARIOS CUMPRIMENTADOS



Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

G.79. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Diagnóstico 2013. Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para enviar formularios cumprimentados

Evolución Galicia


(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para enviar formularios cumprimentados

Comparación Galicia, España e UE

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: IGE (2008-2010); OSIMGA + IGE (2012-2013)

Nota: O indicador correspondente ás edicións anteriores ao ano 2012 refírense aos tres últimos meses seguindo a definición do INE.

Nota: O indicador correspondente ás edicións anteriores ao ano 2012 refírense aos tres últimos meses seguindo a definición do INE.

Se analizamos por provincias a interacción dos galegos coas AAPP a través de Internet, é a da Coruña a que destaca nos tres tipos de relacións estudadas.

C.4. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A PROVINCIA

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Para obter información	55,5	44,8	47,6	51,7	52,2
Para descargar formularios oficiais	54,7	47,0	46,9	50,6	51,6
Para enviar formularios cumprimentados	52,4	44,3	43,6	48,5	49,3

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Unha vez máis o tamaño do concello onde residen os internautas garda unha relación directa co feito de que a medida que se incrementa o tamaño poboacional, tamén o fai a proporción de persoas que interactúa coas Administracións Públicas a través de Internet nos tres servizos estudados.

C.5. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	TAMAÑO DE HÁBITAT (%)					Total (%)
	Ata 5.000 hab.	De 5.001 a 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	
Para obter información	42,7	43,8	49,5	51,9	58,5	52,2
Para descargar formularios oficiais	42,1	44,1	48,8	52,0	57,5	51,6
Para enviar formularios cumprimentados	40,5	41,6	47,1	49,8	54,6	49,3

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

En canto ao volume de ingresos no fogar segue a tendencia de que o maior nivel de renda na vivenda incrementa a proporción do uso dos servizos das Administracións Públicas a través de Internet, acadando as porcentaxes máis elevadas nos fogares de maior poder adquisitivo.

C.6. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Para obter información	43,4	43,5	45,9	51,6	59,7	60,7	52,2
Para descargar formularios oficiais	44,7	41,5	45,1	51,4	59,0	60,4	51,6
Para enviar formularios cumprimentados	42,6	39,8	43,7	49,3	55,7	56,8	49,3

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Analizando o indicador segundo o xénero observamos que se rompe o comportamento observado noutro tipo de uso das TIC, xa que neste caso, son as mulleres as que fan un maior uso de Internet para realizar trámites coas Administracións Públicas

C.7. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O SEXO

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	SEXO (%)		Total (%)
	Home	Muller	
Para obter información	49,9	54,5	52,2
Para descargar formularios oficiais	49,4	53,9	51,6
Para enviar formularios cumprimentados	47,0	51,6	49,3

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

No que a idade se refire, as persoas de 25 a 44 anos son as que, en maior medida, interactúan coas AAPP a través de Internet.

C.8. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO IDADE

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Para obter información	50,9	57,5	54,1	50,9	44,4	31,2	52,2
Para descargar formularios oficiais	49,8	56,9	54,4	49,8	43,9	29,3	51,6
Para enviar formularios cumprimentados	47,3	54,5	52,0	47,4	41,7	27,2	49,3

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

En canto ao nivel de estudos, seguen sendo as persoas cunha Educación Superior as que amosan un maior uso dos servizos das AAPP a través da Rede.

C.9. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	NIVEL DE ESTUDOS (%)					Total (%)
	Sen estudos	Ed. Primaria, EXB, ESO	Ed. Secundaria	Formación Profesional	Ed. Superior	
Para obter información	20,0	33,9	58,1	52,5	72,0	52,2
Para descargar formularios oficiais	11,4	32,9	58,8	51,7	71,6	51,6
Para enviar formularios cumprimentados	11,4	31,9	56,1	49,3	67,7	49,3

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A situación socio-laboral mostra que é a poboación de estudantes quen posúe a maior porcentaxe de interacción cos servizos das Administracións Públicas a través de Internet nos últimos doce meses.


C.10. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	IDADE (%)								Total (%)
	Ocupado	Parado	Xubilado	Incapacitado	Tarefas do fogar	Estudando	Perceptor de pensión distinta da xubilación	Outra situación	
Para obter información	54,4	51,2	36,5	29,6	38,5	58,3	31,6	44,7	52,2
Para descargar formularios oficiais	54,7	49,1	34,6	28,4	39,4	56,6	26,7	44,7	51,6
Para enviar formularios cumprimentados	52,2	46,8	33,2	28,4	37,9	53,4	26,7	44,7	49,3

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

II. INDICADORES COMPLEMENTARIOS



- ☞ Os internautas galegos empregan, as redes sociais, en maior medida, que a media estatal.
- ☞ Preferencia polo uso do ordenador portátil e do teléfono móbil para conectarse a Internet.
- ☞ As xestións sanitarias e a declaración da renda son os trámites da eAdministración máis empregados.

No segundo capítulo do informe da Sociedade da Información nos fogares galegos analizaranse indicadores que completarán a visión da implantación das TIC na cidadanía galega.

Os indicadores complementarios abarcarán as seguintes temáticas:

- Equipamento informático
 - o Teléfono Móbil
 - o Ordenador
- Frecuencia, lugares e motivos de uso de ordenador e de Internet
- Tipo de conexión a Internet e tipo de dispositivo dende o que se conecta a Internet
- Compras a través de Internet: frecuencia e tipoloxía dos produtos


Os indicadores TIC que se presentan neste capítulo corresponden a un módulo amplo que se leva a cabo cada cinco anos, polo que a evolución realízase cos datos da edición do ano 2008.

Equipamento informático

Teléfono móvil

O teléfono móvil é un dos dispositivos electrónicos máis usados na actualidade, acadando na nosa Comunidade o 90,7%.


G.80. USO DO TELÉFONO MÓBIL



Base: % total de persoas
Fonte: OSIGMA+IGE (2013)

O principal uso do teléfono móvil é o persoal (84,7%) mentres que só un 2,3% emprega un móbil proporcionado pola empresa e un 3,7% usa o móbil para ambas as dúas finalidades, persoal e profesional.

G.81. TIPO DE TELÉFONO MÓBIL



Base: sobre o total de persoas

Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, IGE 2008; OSIMGA+IGE (2013)

Facendo unha análise pormenorizada do tipo de teléfono móbil que utilizan os galegos/as, explicarase o seu uso segundo o sexo, a idade e o tipo de hábitat. Como se pode observar na táboa, son máis as mulleres que utilizan teléfono móbil persoal que os homes (5,1 puntos porcentuais máis), non obstante, son eles os que teñen unha porcentaxe maior no uso de teléfonos móbiles proporcionados pola empresa na que traballan.

C.11. USO DE TELÉFONO MÓBIL SEGUNDO O SEXO

TIPO DE TELÉFONO MÓBIL	SEXO (%)		Total (%)
	Homes	Mulleres	
Proporciónado pola empresa na que traballa	3,8	0,8	2,3
Teléfono móbil persoal	82,1	87,2	84,7
Ambos tipos de teléfono móbil	5,9	1,6	3,7
Non utiliza teléfono móbil	8,2	10,3	9,3

Base: sobre total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Analizando o uso do teléfono móbil segundo a idade, aprécianse diferenzas significativas segundo o grupo etario, de forma que son as persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 24 anos os que máis empregan o teléfono móbil persoal, cun 97,5%; mentres que as persoas con idades comprendidas entre os 35 e 54 anos destacan por ser os que máis uso fan dos móbiles proporcionados pola empresa.

C.12. USO DO TELÉFONO MÓBIL SEGUNDO IDADE

TIPO DE TELÉFONO MÓBIL	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Proporcionado pola empresa na que traballa	0,1	1,6	3,5	3,9	2,9	0,2	2,3
Teléfono móbil persoal	97,5	91,8	87,0	86,6	79,6	66,0	84,7
Ambos tipos de teléfono móbil	0,5	4,9	7,0	4,5	2,4	0,2	3,7
Non utiliza teléfono móbil	1,8	1,8	2,5	5,1	15,2	33,6	9,3

Base: sobre total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O tamaño da poboación ten unha relación directa coas persoas que non utilizan o teléfono móbil, descendendo a súa porcentaxe a medida que o tamaño do concello aumenta.

C.13. USO DO TELÉFONO MÓBIL SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

TIPO DE TELÉFONO MÓBIL	TAMAÑO DE HÁBITAT (%)					Total (%)
	Ata 5.000 hab.	De 5.001 a 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	
Proporcionado pola empresa na que traballa	1,6	1,9	2,4	3,3	2,3	2,3
Teléfono móbil persoal	81,3	83,3	84,4	83,4	87,4	84,7
Ambos tipos de teléfono móbil	2,3	2,9	3,5	5,3	4,1	3,7
Non utiliza teléfono móbil	14,7	11,9	9,7	8,0	6,3	9,3


Base: sobre total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A continuación abordanse os usos que os galegos/as fan do teléfono móbil, xa que aínda que facer chamadas persoais ou de traballo segue a ser a principal finalidade, aumentan de maneira notoria respecto ao ano 2008 outros usos como son a conexión a Internet, a gravación de videos e o uso do teléfono móbil como cámara fotográfica.

G.82. MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL

(% sobre persoas que usan teléfono móbil)



Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, IGE 2008; OSIMGA+IGE (2013)

NOTA: Non existen datos correspondentes ao ano 2008 sobre os usos do móbil como GPS ou alarma para reocrdas citas ou datas

Se analizamos as razóns polas que os galegos utilizan o teléfono móbil segundo o sexo atopamos algunhas diferenzas destacables: os homes utilizan máis o móbil como GPS ou navegador (7,1 puntos porcentuais máis que as mulleres). Pola súa parte, as mulleres prefiren o móbil para enviar mensaxes persoais ou de traballo (4 puntos porcentuais máis que os homes).

C.14. MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL SEGUNDO O SEXO

MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL	SEXO (%)		Total (%)
	Homes	Mulleres	
Para facer chamadas persoais ou de traballo	98,8	98,7	98,7
Enviar mensaxes persoais ou de traballo	56,9	60,9	58,9
Sacar fotos	48,5	50,5	49,5
Gravar videos	34,8	33,8	34,3
Conectarse a Internet	39,4	37,9	38,6
GPS ou navegador	23,9	16,8	20,3%
Alarma para recordar citas ou datas	34,2	35,4	34,8
Outras funcións (despertador...)	44,1	44,9	44,5

Base: sobre persoas que usan teléfono móbil

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A idade é un factor decisivo á hora de analizar os usos do teléfono móbil, tal é así que en practicamente todos os motivos analizados séguese unha secuencia proporcional entre a idade e o motivo de uso. Son destacables as motivacións das persoas de 25-34 anos para usar o móbil, dándolle unha utilidade máis variada que o resto de grupos de idade, por exemplo, o uso do móbil como GPS ou navegador (37,2%), o uso como alarma para recordar citas ou datas (58%), ou para sacar fotos ou gravar videos (75,2% e 59,9% respectivamente).

C.15. MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL SEGUNDO IDADE

MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Para facer chamadas persoais ou de traballo	94,1	99,0	98,9	99,5	99,7	99,9	98,7
Enviar mensaxes persoais ou de traballo	81,5	80,2	71,4	52,5	34,3	16,0	58,9
Sacar fotos	74,6	75,2	62,9	37,3	21,8	9,8	49,5
Gravar videos	58,1	59,9	43,8	20,6	9,8	3,3	34,3
Conectarse a Internet	71,0	63,6	48,2	23,8	12,8	3,0	38,6
GPS ou navegador	32,9	37,2	25,3	12,1	6,3	1,3	20,3
Alarma para recordar citas ou datas	53,1	58,0	44,2	24,9	11,9	4,5	34,8
Outras funcións (despertador...)	64,4	69,2	57,2	35,2	17,6	6,9	44,5

Base: sobre persoas que usan teléfono móbil

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

En canto ao nivel de estudos podemos concluír que o nivel formativo aumenta o maior uso do móbil para as distintas finalidades, aínda que no uso básico do teléfono móbil (facer chamadas persoais ou de traballo) son as persoas sen estudos as que acadan o 100%.

C.16. MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL	NIVEL DE ESTUDOS (%)					Total (%)
	Sen estudos	Ed. Primaria, EXB, ESO	Ed. Secundaria	Formación Profesional	Ed. Superior	
Para facer chamadas persoais ou de traballo	100,0	98,7	97,7	98,8	99,3	98,7
Enviar mensaxes persoais ou de traballo	18,2	42,2	69,2	72,2	83,6	58,9
Sacar fotos	9,3	33,7	58,9	65,0	70,6	49,5
Gravar videos	6,2	21,6	42,2	46,8	50,9	34,3
Conectarse a Internet	3,9	22,7	48,3	52,5	60,8	38,6
GPS ou navegador	0,8	9,8	26,1	29,7	35,1	20,3
Alarma para recordar citas ou datas	6,2	19,5	43,2	48,2	56,6	34,8
Outras funcións (despertador...)	9,7	30,0	53,5	58,1%	64,2	44,5

Base: sobre persoas que usan teléfono móbil

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Nas distintas categorías asignadas á situación socio-laboral, pódese observar que son os estudantes os que realizan un uso máis diferenciado do teléfono móbil, seguido do colectivo de ocupados. Non obstante, os estudantes, ao igual que acontecía coa xente máis nova, son os que menos utilizan o teléfono móbil para facer chamadas persoais ou de traballo, 4,4 puntos porcentuais menos que a media galega.

C.17. MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL (%)								Total (%)
	Ocupado	Parado	Xubilado	Incapacitado	Tarefas do fogar	Estudando	Perceptor de pensión distinta da xubilación	Outra situación	
Para facer chamadas persoais ou de traballo	99,4	97,9	99,9	99,1	98,8	94,3	100,0	97,8	98,7
Enviar mensaxes persoais ou de traballo	66,2	63,7	20,9	29,1	41,6	84,4	25,5	53,6	58,9
Sacar fotos	56,0	56,5	14,0	22,2	28,0	75,9	14,8	39,9	49,5
Gravar videos	39,2	39,8	5,8	10,7	16,9	60,1	4,8	23,8	34,3
Conectarse a Internet	44,7	42,2	5,8	12,8	16,9	71,7	6,5	29,0	38,6
GPS ou navegador	25,3	20,7	3,4	4,8	5,0	33,0	2,3	13,8	20,3
Alarma para recordar citas ou datas	40,6	38,6	7,3	10,7	17,8	55,2	9,1	23,8	34,8
Outras funcións (despertador...)	51,8	51,0	10,0	16,7	23,4	65,1	12,9	28,8	44,5

Base: sobre persoas que usan teléfono móbil

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O nivel de ingresos no fogar é unha variable que incide directamente -e de maneira positiva- no indicador, de tal xeito que a maior nivel de ingresos no fogar, maior é a porcentaxe de uso en calquera das categorías analizadas.

C.18. MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Para facer chamadas persoais ou de traballo	97,7	98,4	98,6	99,1	98,4	99,3	98,7
Enviar mensaxes persoais ou de traballo	48,2	48,4	53,5	60,5	64,1	72,1	58,9
Sacar fotos	36,7	39,0	44,2	52,4	55,8	59,7	49,5
Gravar videos	23,3	25,5	28,3	37,8	39,2	43,6	34,3
Conectarse a Internet	26,5	27,3	31,7	42,2	45,4	49,8	38,6
GPS ou navegador	11,1	13,1	14,6	23,0	23,9	30,2	20,3
Alarma para recordar citas ou datas	24,0	25,7	28,5	37,0	40,6	46,7	34,8
Outras funcións (despertador...)	35,8	35,8	40,4	46,2	49,2	53,7	44,5

Base: sobre persoas que usan teléfono móbil

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Nos fogares nos que se convive con nenos/as en idade escolar obrigatoria a variedade de usos é moito máis ampla, chegando a ser 11,1 puntos porcentuais maior no caso do uso do teléfono móbil para sacar fotos e 8,8 puntos no caso do emprego do móbil para conectarse a Internet.

C.19. MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

MOTIVO DE USO DO TELÉFONO MÓBIL	CONVIVENCIA CON NENOS / AS ESTUDANTES (%)		Total (%)
	Con nenos /as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Para facer chamadas persoais ou de traballo	98,2	98,9	98,7
Enviar mensaxes persoais ou de traballo	65,1	56,6	58,9
Sacar fotos	57,6	46,5	49,5
Gravar videos	41,3	31,8	34,3
Conectarse a Internet	45,0	36,2	38,6
GPS ou navegador	21,9	19,7	20,3
Alarma para recordar citas ou datas	39,3	33,1	34,8
Outras funcións (despertador...)	51,2	42,1	44,5


Base: sobre persoas que usan teléfono móbil

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Ordenador


Para poder realizar unha análise máis completa sobre os tipos de ordenador, consideráranse tres categorías, os ordenadores de sobremesa, os ordenadores portátiles e outro tipo de ordenador como tablets, PDA's, axendas electrónicas ou similares. Os datos indican que son os ordenadores portátiles os que teñen unha maior aceptación nos fogares da nosa Comunidade cun 51,6%, seguidos dos ordenadores de sobremesa cun 37,5% e por último outro tipo de ordenadores incipientes, como as tablets, PDA's, etc.

G.83. PRESENZA DE ORDENADOR DE SOBREMESA NO SEU FOGAR




Base: % total de fogares
Fonte: OSIGMA+IGE (2013)

G.84. PRESENZA DE ORDENADOR PORTÁTIL NO SEU FOGAR



Base: % total de fogares
Fonte: OSIGMA+IGE (2013)

G.85. PRESENZA DE OUTRO TIPO DE ORDENADOR NO SEU FOGAR



Se analizamos o tipo de ordenador segundo a provincia, obsérvase que A Coruña sempre está por riba da media galega, sobresaíndo fronte ás outras en todos os tipos de ordenadores.

C.20. TIPO DE ORDENADOR SEGUNDO A PROVINCIA

TIPOS DE ORDENADOR	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Ordenador de sobremesa	40,1	32,4	31,9	38,0	37,5
Ordenador portátil	53,7	50,2	48,4	50,7	51,6
Outro tipo de ordenador (tablet,PDA,axenda electrónica ou similar)	16,7	12,7	10,7	8,5	12,7

Base: sobre o total dos fogares

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O hábitat volve a ser unha variable trascendental á hora de analizar a tecnoloxía en Galicia. A medida que o número de habitantes aumenta, increméntase tamén a porcentaxe de dispositivos informáticos, sendo nas poboacións de máis de 50.000 habitantes onde máis equipamento dispoñen.

C.21. TIPO DE ORDENADOR SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT


TIPOS DE ORDENADOR	TAMAÑO DE HÁBITAT (%)					Total (%)
	Ata 5.000 hab.	De 5.001 a 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	
Ordenador de sobremesa	24,7	33,1	36,6	40,8	43,5	37,5
Ordenador portátil	38,5	45,1	51,5	56,5	57,5	51,6
Outro tipo de ordenador (tablet,PDA,axenda electrónica ou similar)	6,8	9,1	8,2	17,1	16,7	12,7

Base: sobre o total dos fogares

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Para poder visualizar mellor o impacto que están a ter outros tipos de ordenadores como son as tablets, PDA's, axendas electrónicas ou similares, na nosa Comunidade, represéntase no seguinte mapa de Galicia a presenza deste tipo de dispositivos, concluíndo que no sureste de Lugo e noreste de Ourense a implantación deste tipo de ordenadores e aínda moi reducido..

G.86. MAPA DE PERSOAS QUE TEÑEN ALGÚN OUTRO TIPO DE ORDENADOR (TABLET, PDA, AXENDA ELECTRÓNICA OU SIMILAR) NOS SEGUNDO A ÁREA



A tendencia dos fogares galegos en referencia ao equipamento informático é a habitual, é dicir, a maior número de membros, maior porcentaxe de fogares con algún tipo de ordenador, ata chegar aos fogares de 5 membros ou máis, nos que se retrocede en comparación cos fogares de 4 membros.

C.22. TIPO DE ORDENADOR SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

TIPOS DE ORDENADOR	NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR (%)					Total (%)
	Fogares de 1 membro	Fogares de 2 membros	Fogares de 3 membros	Fogares de 4 membros	Fogares de 5 ou máis membros	
Ordenador de sobremesa	16,3	29,5	43,7	54,2	49,2	37,5
Ordenador portátil	33,1	41,9	58,1	69,4	61,0	51,6
Outro tipo de ordenador (tablet,PDA,axenda electrónica ou similar)	5,5	10,1	14,5	19,3	14,9	12,7

Base: sobre o total dos fogares

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Canto maior sexa o nivel de ingresos no fogar maior será a dispoñibilidade de ordenadores no mesmo, superándose a media autonómica nas rendas a partir dos 1.800 euros. Tamén é digno de mención que os fogares con rendas superiores aos 3.500 euros duplican a media galega en canto a posesión de “outro tipo de ordenador” cun 31% de fogares con este tipo de dispositivo.

C.23. TIPO DE ORDENADOR SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

TIPOS DE ORDENADOR	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Ordenador de sobremesa	19,8	20,9	33,2	42,4	48,4	62,0	37,5
Ordenador portátil	28,8	32,9	43,5	58,7	70,9	77,9	51,6
Outro tipo de ordenador (tablet,PDA,axenda electrónica ou similar)	2,0	3,6	7,7	15,3	21,1	31,0	12,7

Base: sobre o total dos fogares

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A convivencia ou non con nenos/as estudantes volve a incidir de maneira positiva na porcentaxe de fogares con algún tipo de ordenador, sendo aqueles con nenos dentre 3 e 16 anos os que contan con máis dispositivos informáticos.

C.24. TIPO DE ORDENADOR SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

TIPOS DE ORDENADOR	CONVIVENCIA CON NENOS / AS ESTUDANTES (%)		Total (%)
	Con nenos /as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Ordenador de sobremesa	50,4	33,5	37,5
Ordenador portátil	66,3	47,1	51,6
Outro tipo de ordenador (tablet,PDA,axenda electrónica ou similar)	22,0	9,8	12,7

Base: sobre o total dos fogares


Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O Ordenador: Frecuencia, lugares finalidades de uso

Nove de cada dez usuarios de ordenador en Galicia utilizárono no último mes. Realizando unha análise comparativa entre as medias de Galicia e España e restrinxíndose aos galegos/as que utilizaron nalgunha ocasión o ordenador, obsérvase que o 88,9% o fixo no último mes, superando neste 2013 a media estatal en 0,3 puntos porcentuais.

G.87. COMPARATIVA DA ÚLTIMA UTILIZACIÓN DO ORDENADOR

(% sobre persoas que utilizaron o ordenador nalgunha ocasión)



Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2013; OSIMGA+INE (2013)

A medida que a idade aumenta, obsérvase un uso menos frecuente do ordenador, acadando o 23,7% de persoas de 65 a 74 que hai máis dun ano que non utilizan o ordenador (18 puntos porcentuais superior á media); pola outra banda atópanse os máis novos/as, que teñen unha porcentaxe de uso do ordenador no último mes do 94,8% (5,9 puntos porcentuais por riba da media galega).

C.25. ÚLTIMA UTILIZACIÓN DO ORDENADOR SEGUNDO IDADE

ÚLTIMA UTILIZACIÓN DO ORDENADOR	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
No último mes	94,8	91,6	89,8	86,9	83,0	69,8	88,9
Hai máis de 1 mes e menos de 3 meses	2,5	2,5	3,0	3,8	4,0	3,6	3,1
Hai máis de 3 meses e menos de 1 ano	0,8	2,3	2,2	2,7	3,4	2,9	2,3
Hai máis de 1 ano	1,9	3,7	4,9	6,6	9,6	23,7	5,7

Base: sobre persoas que o ordenador nalgunha ocasión

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O nivel de estudos ten unha relación directa coa porcentaxe de uso do ordenador no tempo, de tal maneira que a medida que aumenta o nivel formativo o fai a porcentaxe de uso do dispositivo no último mes, acadando o 97,3% de usuarios de estudos superiores, 8,4 puntos porcentuais superior á media galega.

C.26. ÚLTIMA UTILIZACIÓN DO ORDENADOR SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

ÚLTIMA UTILIZACIÓN DO ORDENADOR	NIVEL DE ESTUDOS (%)					Total (%)
	Sen estudos	Ed. Primaria, EXB, ESO	Ed. Secundaria	Formación Profesional	Ed. Superior	
No último mes	65,7	80,0	92,7	91,3	97,3	88,9
Hai máis de 1 mes e menos de 3 meses	9,0	5,5	1,5	2,6	1,0	3,1
Hai máis de 3 meses e menos de 1 ano	0,0	4,0	1,7	2,0	0,4	2,3
Hai máis de 1 ano	25,3	10,5	4,0	4,1	1,3	5,7

Base: % sobre persoas que o ordenador nalgunha ocasión

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Se se analiza o momento último de utilización do ordenador en función da situación socio-laboral, a porcentaxe máis alta de usuarios recentes corresponde ao colectivo de estudantes, cun 97,8%, seguido dos ocupados que contan cun 91,5% de persoas que utilizaron o ordenador no último mes.

C.27. ÚLTIMA UTILIZACIÓN DO ORDENADOR SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

ÚLTIMA UTILIZACIÓN DO ORDENADOR	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL (%)								Total (%)
	Ocupado	Parado	Xubilado	Incapacitado	Tarefas do fogar	Estudando	Perceptor de pensión distinta da xubilación	Outra situación	
No último mes	91,5	85,1	73,1	74,8	81,7	97,8	63,6	90,5	88,9
Hai máis de 1 mes e menos de 3 meses	2,6	4,0	3,8	4,4	5,7	1,7	10,2	0,0	3,1
Hai máis de 3 meses e menos de 1 ano	1,7	3,8	3,6	3,6	2,4	0,3	9,5	3,8	2,3
Hai máis de 1 ano	4,1	7,2	19,5	17,1	10,2	0,2	16,7	5,7	5,7

Base: % sobre persoas que o ordenador nalgunha ocasión

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Os hábitats que contan con máis habitantes son tamén os lugares onde máis porcentaxe de persoas utilizaron o ordenador no último mes, acadando o 92% de persoas que residen en poboacións de máis de 50.000 habitantes.

C.28. ÚLTIMA UTILIZACIÓN DO ORDENADOR SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT


ÚLTIMA UTILIZACIÓN DO ORDENADOR	TAMAÑO DE HÁBITAT (%)					Total (%)
	Ata 5.000 hab.	De 5.001 a 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	
No último mes	83,1	86,5	87,4	88,7	92,0	88,9
Hai máis de 1 mes e menos de 3 meses	3,3	3,0	4,3	3,8	2,2	3,1
Hai máis de 3 meses e menos de 1 ano	3,5	2,5	2,6	2,5	1,6	2,3
Hai máis de 1 ano	10,1	8,0	5,7	5,0	4,2	5,7

Base: % sobre persoas que o ordenador nalgunha ocasión

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Entre a cidadanía galega que utilizou o ordenador nos últimos tres meses imos deternos na frecuencia de uso: O 65,2% dos galegos/as que usaron o ordenador nos últimos tres meses fixéronno ou diariamente ou polo menos 5 días á semana. Nos últimos cinco anos, o uso diario do ordenador aumentou 8,6 puntos porcentuais.

G.88. EVOLUCIÓN DA FRECUENCIA DE USO DO ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES



Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, IGE 2008; OSIMGA+IGE (2013)

En canto a frecuencia de uso segundo o sexo, son os homes os que máis frecuentemente utilizan o ordenador cunha periodicidade de polo menos cinco días a semana, mentres que o uso das mulleres é máis espaciado no tempo.

C.29 FRECUENCIA DE USO DO ORDENADOR SEGUNDO O SEXO

FRECUENCIA DE USO DO ORDENADOR	SEXO (%)		Total (%)
	Homes	Mulleres	
Diariamente, polo menos 5 días a semana	67,8	62,5	65,2
Todas as semanas, pero non diariamente	23,3	25,7	24,5
Polo menos unha vez ao mes, pero non todas a semanas	7,4	9,7	8,5
Menos dunha vez ao mes	1,5	2,1	1,8

Base: sobre total de persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A frecuencia de uso do ordenador segundo a idade móstranos que son as persoas menores de 34 anos os que realizan un uso máis intensivo dos ordenadores.

C.30. FRECUENCIA DE USO DO ORDENADOR SEGUNDO IDADE

FRECUENCIA DE USO DO ORDENADOR	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Diariamente, polo menos 5 días a semana	68,7	69,5	64,8	60,8	63,3	49,2	65,2
Todas as semanas, pero non diariamente	22,7	21,5	24,6	26,9	26,2	35,7	24,5
Polo menos unha vez ao mes, pero non todas as semanas	7,2	7,6	8,4	10,6	8,5	12,7	8,5
Menos dunha vez ao mes	1,4	1,5	2,3	1,7	2,0	2,4	1,8

Base: sobre total de persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O nivel de estudos dos galegos é proporcional á frecuencia de uso do ordenador, é dicir, a maior nivel educativo maior frecuencia de uso de ordenador, chegando ao 84,3% de persoas cunha educación superior que utilizan o ordenador diariamente ou polo menos 5 días a semana.

C.31. FRECUENCIA DE USO DO ORDENADOR SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

FRECUENCIA DE USO DO ORDENADOR	NIVEL DE ESTUDOS (%)					Total (%)
	Sen estudos	Ed. Primaria, EXB, ESO	Ed. Secundaria	Formación Profesional	Ed. Superior	
Diariamente, polo menos 5 días a semana	34,2	46,6	70,7	66,1	84,3	65,2
Todas as semanas, pero non diariamente	53,8	34,6	23,0	24,4	12,7	24,5
Polo menos unha vez ao mes, pero non todas as semanas	0,0	15,6	4,9	8,0	2,6	8,5
Menos dunha vez ao mes	12,0	3,3	1,4	1,5	0,4	1,8

Base: sobre total de persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Os estudantes son o colectivo que máis uso lle da ao ordenador, cun 74,2%, seguidos do colectivo de ocupados cun 68,9%; pola contra, os sectores que utilizan o ordenador con menos asiduidade son os incapacitados, as persoas que se adican ás tarefas do fogar e os perceptores de pensións distintas ás da xubilación.

C.32. FRECUENCIA DE USO DO ORDENADOR SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

FRECUENCIA DE USO DO ORDENADOR	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL (%)								Total (%)
	Ocupado	Parado	Xubilado	Incapacitado	Tarefas do fogar	Estudando	Perceptor de pensión distinta da xubilación	Outra situación	
Diariamente, polo menos 5 días a semana	68,9	59,3	52,9	45,7	42,7	74,2	39,4	57,7	65,2
Todas as semanas, pero non diariamente	22,1	28,7	32,4	29,3	35,5	20,5	32,2	33,3	24,5
Polo menos unha vez ao mes, pero non todas as semanas	7,5	9,4	12,7	20,0	17,0	4,8	23,8	9,0	8,5
Menos dunha vez ao mes	1,5	2,6	2,0	5,0	4,8	0,4	4,7	0,0	1,8


Base: sobre total de persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

A continuación ímonos centrar nos lugares onde os galegos/as usan o ordenador. Para comezar veremos a evolución sufrida en Galicia comparando os anos 2008 e 2013: Os galegos/as seguen a preferir utilizar o ordenador na súa vivenda, cun 89,9%, este dato experimentou un incremento do 11,4% respecto ao ano 2008. O centro de traballo segue sendo o segundo sitio preferido para usar o ordenador. Todos os lugares de uso do ordenador aumentaron agás o centro de estudos, descenso debido posiblemente ao aumento da presenza de ordenadores nos fogares dende o 2008.

G.89. EVOLUCIÓN DOS LUGARES DE USO DE ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES

(% sobre persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses)



Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, IGE 2008; OSIMGA+IGE (2013)

En canto á idade atopamos lugares de uso moi variados, aínda que todos eles axústanse aos estereotipos asignados a cada grupo de idade. Desta maneira atopamos que son as persoas máis novas as que se decantan polo uso de ordenadores no centro de estudos, as persoas con idades comprendidas entre os 25 e 65 anos as que prefiren como segundo lugar de uso do ordenador o seu centro de traballo e os maiores de 65 despuntan como lugar prioritario de uso do ordenador na súa vivenda, cun 94,6%.

C.33. LUGAR DE USO DO ORDENADOR SEGUNDO IDADE

LUGARES DE USO DO ORDENADOR	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Na súa vivenda	90,8	90,1	89,9	89,7	87,1	94,6	89,9
No seu centro de traballo	4,7	37,4	45,5	46,7	44,5	5,7	36,0
No centro de estudos	45,5	6,5	1,1	0,5	0,0	0,0	9,0
Noutro domicilio particular	19,2	17,1	12,2	6,2	4,2	6,0	12,4
Nunha cafetería, ciber, ciber-café ou similar	13,5	12,4	9,3	5,0	2,6	1,7	9,0
Nun centro público	13,9	8,2	6,4	4,7	3,7	4,3	7,4
Noutro lugar	0,4	0,8	0,6	0,5	0,6	0,5	0,6

Base: sobre total de persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Se tomamos como referencia a situación socio-laboral, son os estudantes os que se decantan como segundo lugar de uso do ordenador o seu centro de estudos. Tamén cabe destacar que é este colectivo de estudantes os que máis variedade segundo o lugar de uso teñen en comparación con outros colectivos, atopándose sempre por riba da media galega en calquera dos lugares analizados para o uso do dispositivo informático (agás no centro de traballo onde destaca o colectivo de ocupados/as).

C.34. LUGAR DE USO DO ORDENADOR SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

LUGARES DE USO DO ORDENADOR	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL (%)								Total (%)
	Ocupado	Parado	Xubilado	Incapacitado	Tarefas do fogar	Estudando	Perceptor de pensión distinta da xubilación	Outra situación	
Na súa vivenda	88,6	89,4	95,7	94,5	94,6	92,7	90,3	94,2	89,9
No seu centro de traballo	60,5	1,7	0,9	0,6	0,3	0,1	0,0	0,9	36,0
No centro de estudos	1,5	6,8	0,0	0,9	0,1	64,1	1,1	0,0	9,0
Noutro domicilio particular	10,9	16,3	7,3	3,9	7,3	19,8	4,2	9,7	12,4
Nunha cafetería, ciber, ciber-café ou similar	7,8	12,6	2,0	5,0	5,6	14,1	7,8	7,2	9,0
Nun centro público	4,9	11,1	4,5	5,2	4,3	17,0	6,5	3,4	7,4
Noutro lugar	0,6	0,7	0,3	1,7	0,4	0,5	1,1	0,0	0,6

Base: sobre total de persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

O número de habitantes volve a estar en concordancia co porcentaxe do uso do ordenador en cada un dos lugares indicados, aínda que sería interesante destacar que nas poboacións de ata 5.000 habitantes están por riba da media galega nos centros de estudos e nos centros públicos como lugares de uso do ordenador.

C.35. LUGAR DE USO DO ORDENADOR SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

LUGARES DE USO DO ORDENADOR	TAMAÑO DE HÁBITAT (%)					Total (%)
	Ata 5.000 hab.	De 5.001 a 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	
Na súa vivenda	84,3	88,6	90,1	89,2	92,0	89,9
No seu centro de traballo	30,6	33,1	31,8	39,0	38,7	36,0
No centro de estudos	9,3	8,4	9,4	7,8	9,5	9,0
Noutro domicilio particular	8,7	12,1	12,0	14,2	12,8	12,4
Nunha cafetería, ciber, ciber-café ou similar	8,3	7,5	8,9	10,5	9,0	9,0
Nun centro público	8,1	5,9	5,1	7,3	8,6	7,4
Noutro lugar	0,6	0,8	0,8	0,8	0,4	0,6


Base: sobre total de persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

Continuando co esquema do informe, imos tratar de maneira máis minuciosa cada unha das finalidades que motivaron aos galegos/as a utilizar o ordenador nos últimos tres meses. Como se pode observar neste primeiro gráfico, a principal razón pola que en Galicia se usa o ordenador é para conectarse a Internet, cun 89,7%, situación que xa acontecía no ano 2008, aínda que nestes cinco anos experimentou un aumento do 37,9%. A segunda opción continúa a ser o uso do ordenador como ferramenta ofimática, cun 44,5%.

G.90. MOTIVOS DE USO DO ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES

(% sobre persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses)



Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, IGE 2008; OSIMGA+IGE (2013)

NOTA: Non existen datos para a opción de resposta "Ferramentas multimedia (imaxe e son)" correspondentes ao ano 2008

As principais diferenzas en canto ao motivo de uso do ordenador entre homes e mulleres obsérvanse na finalidade laboral e tamén para xogar (5,2 e 5,6 puntos porcentuais, respectivamente, en favor do home). Pola súa parte, as mulleres sobresaen en canto ao uso do ordenador con fins académicos ou traballos escolares e como modo para conectarse a internet (1,5 e 0,8 puntos porcentuais respectivamente).

C.36. MOTIVOS DE USO DO ORDENADOR SEGUNDO O SEXO

MOTIVOS DE USO DO ORDENADOR	SEXO (%)		Total (%)
	Homes	Mulleres	
Traballo ou uso profesional	42,9	37,7	40,3
Uso académico ou traballos escolares	12,2	13,7	13,0
Conectarde a Internet	89,3	90,1	89,7
Ferramentas ofimáticas para uso persoal/fogar (redactar documentos)	44,4	44,5	44,5
Xogar	30,2	24,6	27,4
Ferramentas multimedia (imaxe e son)	39,8	36,7	38,3
Outro motivo	0,6	0,3	0,5

Base: sobre total de persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2013)

En canto á vinculación entre os usos do ordenador e a idade obsérvase un comportamento similar ás motivacións para utilizar o teléfono móbil, xa que a menor

idade, máis diversidade de usos do ordenador. É salientable tamén que son as persoas de entre 65 e 74 anos as que máis uso realizan do ordenador para conectarse a Internet, cun 93,3%, posiblemente motivado porque estas persoas non empregan outros dispositivos para poder conectarse á Rede.

C.37. MOTIVOS DE USO DO ORDENADOR SEGUNDO IDADE

MOTIVOS DE USO DO ORDENADOR	IDADE (%)						Total (%)
